

Exordios

Tipos de exordios

A Real Academia Galega define o **Exordio** como: “Parte introdutoria do discurso que procura captar a atención dos oíntes”. Calquera das roldas do debate é un discurso en si mesmo e todas poden ter un exordio aínda que o mais **normal é que o exordio veña mais traballado na exposición inicial.**

Na ficha dedicada a quenda de introdución xa se mencionaron os tipos de exordios agora vamos utilizar a moción que tiveron os participantes na liga de debate do IES Fernando Blanco de Cee no curso pasado como modelo para os exemplos:

Deberíase limitar o crecemento do turismo na Costa da Morte?

Tipos de exordio (postura a favor)

Exordio con cita de autoridade

“Como advertía o sociólogo e filósofo **Zygmunt Bauman**, ‘cando algo medra sen límite, acaba por destruír o seu propio fundamento’.

Se aplicamos esta reflexión ao turismo, debemos preguntarnos: que ocorre cando un territorio medra en visitantes sen planificación suficiente? Debatenos hoxe se se debería limitar o crecemento do turismo na Costa da Morte. E a nosa resposta é clara: si, porque medrar non sempre significa mellorar.”

Exordio visual

(O orador coloca enriba da mesa unha pequena cuncha ou unha fotografía dunha praia da Costa da Morte.)

“Teñen diante unha simple cuncha. Agora imaxinen esta praia con milleiros de persoas cada día, lixo acumulado, ruído constante e erosión progresiva. O que sosteño na man é fráxil. Como tamén o son moitos dos espazos naturais da Costa da Morte. Por iso hoxe defendemos que limitar o crecemento do turismo non é frear o progreso, senón protexer o que nos fai únicos.”

Exordio storytelling (historia persoal é a que impacta mellor)

"Cando era pequeno, ía cada verán a unha pequena praia no concello de Laxe coa miña familia. Era un lugar tranquilo, onde apenas coincidías con máis xente.

O verán pasado volvíñ. Tardei vinte minutos en aparcар, a praia estaba saturada e o silencio xa non existía. Non falo desde a nostalxia, falo desde a constatación dun cambio evidente. E por iso debemos preguntarnos: queremos que o crecemento turístico continúe sen límites?"

Exordio con anécdota histórica ou literaria

"Na literatura clásica, o mito de Ícaro ensínanos que voar demasiado alto, sen medir as consecuencias, pode levar á caída".

Ao longo da historia, numerosos territorios que apostaron por un crecemento turístico ilimitado acabaron sufrindo degradación ambiental e perda de identidade. Hoxe debatemos se debemos aprender desa lección ou repetir o erro. Limitar o crecemento do turismo na Costa da Morte é, precisamente, evitar voar demasiado preto do sol."

Exordio silencioso (O orador garda silencio durante 5-6 segundos, mantendo contacto visual co público.)

"Estes segundos de silencio poden parecer incómodos. Pero imaxinen que este silencio desaparece das nosas praias, dos nosos camiños costeiros, dos nosos espazos naturais. Se o crecemento turístico continúa sen planificación, o que hoxe é calma pode converterse en saturación permanente. Por iso defendemos que é necesario establecer límites."

Exordio con dato numérico

"Galicia superou os 8,8 millóns de turistas anuais, unha cifra que non deixa de medrar. Na Costa da Morte, ese crecemento tradúcese en veráns con praias saturadas, dificultades de aparcamento e unha presión cada vez maior sobre os servizos locais.

Ao mesmo tempo, o aumento das vivendas de uso turístico está a transformar o acceso á vivenda en moitos concellos costeiros. A pregunta é clara: pode un territorio limitado soportar un crecemento turístico ilimitado? Debatemos hoxe se se debería limitar ese crecemento. E dende o noso equipo defendemos que si, porque os recursos naturais e sociais non son infinitos."